



Terceira Addenda ao Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Aluminio Español S.A/Alúmina Española S.A. sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia fabricación mecánica

En Santiago de Compostela, catorce de setembro de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, don Rubén Bartolomé González, director do centro de San Ciprián da empresa -----Aluminio Español S.A/Alúmina Española S.A., actuando como representante legal da mesma, en virtude das atribucións segundo escritura da data 26 de Maio de 2008, autorizada polo notario de Madrid, don-----, número 1988 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 17867, folio 129, folla M-41077.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que en data cinco de outubro de dous mil doce asinouse un convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Aluminio Español S.A./Alúmina Española S.A. sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia fabricación mecánica, no que se establece a colaboración das partes nos seguintes campos de actuación:

- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnado que curse o ciclo de formación profesional o que fai referencia o presente convenio e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da empresa Aluminio Español S.A./Alúmina Española S.A. en San Ciprián (Lugo).
- b. Promoción das ensinanzas de formación profesional da familia fabricación mecánica: ciclo formativo de grao superior Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.
- c. Formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

2. Que a súa cláusula décimo terceira sobre a vixencia do convenio establece que: o convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación, en calquera caso as actividades docentes iniciadas deberán finalizarse.

3. Que no dous mil catorce e no dous mil dezaseis asináronse as respectivas addendas a este convenio, para manter a súa vixencia, e que unha vez expirado o prazo é necesario ampliar a vixencia do mesmo mediante a sinatura dunha terceira addenda.

En consecuencia, as partes asinantes acordan subscribir esta addenda en base á seguinte

CLÁUSULA

Única. A través desta terceira addenda prorrógase a vixencia do convenio durante dous anos máis.

Lida a presente addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O director do centro de San Ciprián da
empresa Aluminio Español S.A./Alúmina
Española S.A.

Román Rodríguez González
